

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 24 de xuño de 2024, adoptou o seguinte acordo:

**PUNTO 2.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO
INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

2. Réxime Interior

2.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

2.2.1. Política de seguridade da información

2.2.1.1. Nomeamento dos membros do órgano colexiado que actuará como responsable do sistema interno de información do Parlamento de Galicia.

Por Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 13 de maio de 2024, aprobáronse as normas reguladoras do sistema interno de información do Parlamento de Galicia, en cumprimento da obriga imposta pola Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, que traspón a Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa a *la protección de las personas que informen sobre infracciones del Derecho de la Unión*

A disposición derradeira primeira, do antedito acordo, establece un prazo máximo dun mes, dende a entrada en vigor das normas, para que a Mesa do Parlamento de Galicia determine a unidade da Administración do Parlamento de Galicia que xestionará o sistema interno de información e designe á persoa física ou órgano colexiado que actuará como responsable do sistema.

Polo exposto, e vista a proposta da Oficialía Maior, a Mesa do Parlamento adopta o seguinte ACORDO:

1º Designar como responsable do sistema interno de información a un órgano colexiado composto polas seguintes persoas:

- D. Juan Carlos Caride Puente, letrado do Parlamento de Galicia.
- Dª Purificación López Gómez, letrada do Parlamento de Galicia.
- Dª Raquel Rodríguez Carro, letrada do Parlamento de Galicia.

2º Comunicar a designación do responsable do sistema á Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante.

3º Determinar que actuará como xestor do sistema interno de información e encargado do tratamento dos datos persoais o Servizo de Persoal e Réxime Interior.

4º Notificar este acordo ás persoas interesadas, ao Servizo de Tecnoloxías da Información e ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

Servizo de Tecnoloxías da Información
Servizo de Persoal e Réxime Interior



5º Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no portal de transparencia.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2024

Xosé Antón
Sarmiento Mendez,
Letrado Oficial Maior
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón
Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé
Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial
Maior,
email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2024.06.26 09:21:27 +02'00'



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 26/06/2024 09:22:30
Nº Rexistro: 1437
Data envío: 26/06/2024 09:22:30.694

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 26/06/2024 9:21:27

CSV: REXISTRO-9fQTY4zk-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

